

RESOLUCIÓN Expte. RA-10 /2008, Autoescolas de Pontevedra

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, coa composición indicada máis arriba, e sendo relator D. José Antonio Varela González, presidente, tras examinar a proposta de non incoación de procedemento e arquivo efectuada polo SGDC segundo escrito de 10 de xuño de 2008, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA-10/2008, “Autoescolas de Pontevedra” (Expediente 4/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- Na Resolución ditada polo TGDC, o 27 de decembro de 2007, no expediente S 1/2007, “Autoescolas de Vigo”, o Pleno do Tribunal acordou instar ao SGDC a que iniciara unha investigación sobre a posible existencia de prácticas concertadas polas autoescolas da mesma provincia, que realizan os seus exames en Pontevedra.
- 2.- Co obxecto de dar cumprimento ás instrucións do Tribunal, o SGDC, ao abeiro do disposto no artigo 49.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en diante LDC ou Lei 15/2007), acordou iniciar unha información reservada para coñecer se existían circunstancias que xustificaran a incoación dun expediente sancionador.
- 3.- Na citada información reservada, o SGDC solicitou á Xefatura Provincial de Tráfico Pontevedra unha listaxe das autoescolas da provincia de Pontevedra que realizaban os seus exames nesa cidade, con indicación da súa titularidade.
- 4.- A partir dos datos anteriores, o SGD requiriu a cada unha das autoescolas a información contida nun formulario, coa posibilidade de efectuar as alegacións que estimaran oportunas

- 5.- Á vista da información remitida, e ao non apreciaren unha identidade de prezos que afectase a un volume substancial de autoescolas, o SGDC chega á conclusión de que non existen indicios que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador por infracción do artigo 1 LDC.
- 6.- Sobre a base dos feitos anteriores, o SGDC elevou ao TGDC, en data 10 de xuño de 2008, ao abeiro do disposto no artigo 49.3 LDC a proposta de non incoar expediente sancionador, co arquivo das actuacións.
- 7.- O 30 de xullo de 2008, o Pleno do Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A presente Resolución dítase ao abeiro da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia, por tratarse dun expediente aberto con posterioridade a súa entrada en vigor, o pasado 1 de setembro de 2007.

SEGUNDO.- O artigo 49 LDC indica que o inicio do procedemento sancionador pódese realizar de oficio sexa por iniciativa da Dirección de Investigación, no caso galego, do Servizo, ou sexa por iniciativa do Consello da CNC, no caso galego, o Tribunal.

Tal como se sinala nos antecedentes de feito, as actuacións levadas a cabo polo SGDC teñen a súa orixe na Resolución do TGDC, do 27 de decembro de 2007, na que se consideraba acreditada a comisión dunha recomendación colectiva durante os anos 2003, 2004 e 2005, sancionada polo artigo 1.1 LDC, por parte da Asociación Provincial de Autoescolas da provincia de Pontevedra, así como a concertación de prezos, tamén sancionada polo mesmo precepto, da que se consideraron autoras diversas autoescolas que celebraban os exames en Vigo.

Na parte dispositiva da citada Resolución, o Pleno do Tribunal acordou instar ao SGDC a que iniciara unha investigación sobre a posible existencia de prácticas concertadas polas autoescolas da mesma provincia, que realizaban os exames en Pontevedra, xa que as mesmas estaban tamén vencelladas á Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra, que fora sancionada por una recomendación colectiva, tipificada no artigo 1.1 LDC.

TERCEIRO.- Ante a noticia da posible existencia dunha infracción, o artigo 49 LDC, no seu punto 2, sinala que o Servizo poderá realizar unha información reservada co obxecto de verificar a existencia de circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador.

Pola súa parte, o punto 3 do mesmo artigo 49 LDC establece a capacidade do Tribunal para acordar, a proposta do Servizo, a non incoación do procedemento e o arquivo de actuacións. Esa capacidade de decisión implica necesariamente a capacidade paralela de determinar se un expediente debe ser analizado dun xeito máis detido e, no seu caso, de instar ao Servizo a que incoe o procedemento sancionador correspondente.

CUARTO.- No procedemento de información reservada desenvolvido no caso examinado, o Servizo “non aprecia a existencia de indicios que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador, por non existir unha identidade de prezos que afecte a un volume substancial de autoescolas, nin polo tanto, poida deducirse a existencia dunha práctica concertada que vulnere a lei”, polo que propón o arquivo das actuacións.

QUINTO.- Se ben o Tribunal observa que, considerando os prezos proporcionados polo conxunto das autoescolas para os servizos vinculados á obtención do permiso de conducir tipo B, se observan variacións neles, a análise da información recollida polo SGDC no expediente:

- Aмосa coincidencias nos prezos das clases prácticas para a obtención do permiso de conducir tipo B entre diversas autoescolas, dun xeito particular entre as localizadas na comarca de Pontevedra e as localizadas na comarca do Morrazo.
- Nas comarcas anteriores, algunhas das autoescolas contactadas non aportan facturas, ou proporcionándoas non confirman as tarifas indicadas.
- Non se recollen datos sobre os prezos do servizos para a obtención do permiso de conducir tipo B correspondentes ao ano 2006.

SEXTO.- O Tribunal considera que a carencia de elementos que permitan confirmar a veracidade das declaracións dalgúns responsables das autoescolas contactadas non permite ter unha idea inequívoca sobre a existencia, ou non, de indicios de prácticas anticompetitivas neste caso. Por iso, ao abeiro do artigo 32 do Real Decreto 261/2008, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia, considera preciso continuar coas indagacións para completar e contrastar obxectivamente a información proporcionada.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

PRIMEIRO.- Declarar que non procede o arquivo das actuacións, senón a continuación das indagacións.

SEGUNDO.- Solicitar a recollida de información adicional sobre as seguintes autoescolas:

- Almar S.L. (seccións de Estribela e Marín),
- Bueu S.L.,
- Centro de Condución Arias S.L. (seccións de Poio e Pontevedra),
- Dorna (seccións de Moaña, Vilaboa e Cangas),
- Jasp
- Marín,
- Miguel,
- Morrazo (seccións de Cangas e Moaña),
- Peregrina,
- Pernas (sección de Pontevedra),
- Pontevedra,
- Poyo San Juan S.L. (sección de Poio),
- San Salvador,
- Tambo (seccións de Marín e Pontevedra),
- Teucro (seccións de Pontevedra e Pontecaldelas).

TERCEIRO.- A información a recoller das autoescolas citadas no punto anterior, debe incluír, como mínimo, a relativa ás dúas tarifas seguintes:

- tarifa correspondente ao concepto “Curso completo” (matrícula máis 4 meses [ou máis] de clases teóricas máis tramitación do expediente; no caso de que non se aplique o concepto “Curso completo” deben indicarse as tarifas da “Matrícula”, “Clases teóricas” e “Xestión do expediente”) para a obtención do permiso de conducir tipo B.
- tarifa das “Clases prácticas” para a obtención do permiso de conducir tipo B.

CUARTO.- As dúas tarifas anteriores, con IVE incluído, deben ser proporcionadas para os anos 2006, 2007 e 2008. Nestes tres anos, e co fin de homoxeneizar a información, as tarifas indicadas deben ser ás vixentes no mes de xuño. Para verificar a conformidade da información aportada, cada autoescola debe aportar dúas facturas correspondentes ao mesmo mes (xuño).

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, informandoos de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.